

DECRETO

Examinado o informe proposta elaborado pola Xefatura de Servizo de Benestar Social, Igualdade e Xuventude, con data do 18 de novembro de 2020 e que literalmente di:

“Estas bases teñen por obxecto fomentar a realización de actividades artísticas, como unha alternativa idónea para acadar a oportuna sensibilización da poboación adolescente no que se refire á loita contra a violencia de xénero.

De conformidade co disposto no artigo 18.2 da Lei 38/2003 xeral de subvencións relativo á publicidade das subvencións na Base Nacional de Datos, as administracións concedentes están obrigadas á remitir á dita base, entre outras cuestións, a convocatoria para a súa posterior remisión ao Boletín Oficial da Provincia

O artigo 23 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, regula o contido que a de ter a convocatoria. No mesmo senso se pronuncia o artigo 20 da Lei 9/2007 de 13 de xuño de subvencións de Galicia.

A convocatoria que de seguido se transcribe cumpre o establecido no artigo anterior.

Polo anteriormente exposto, e coa finalidade de continuar coa tramitación do expediente, propono á concelleira delegada da Área de Muller, Igualdade, Xuventude, Minorías Étnicas e Normalización Lingüística o seguinte:

Primeiro.- Aprobar a convocatoria do I concurso de curtametraxes contra a violencia de xénero “Curta coa violencia”.

Segundo.- O prazo para solicitar a participación no dito concurso será de 15 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación da correspondente convocatoria no BOP.

Terceiro.- Notificar esta resolución, así como do extracto da convocatoria que se achega como anexo á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), para a súa publicación a través do Sistema Nacional de Publicación de Subvencións (SNPS), de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8^a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

ANEXO (En galego)

Convocatoria para participar no I Certame de Curtametraxes contra a violencia de xénero "Curta con violencia".

De conformidade co disposto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na base de datos nacional de subvencións .

Primeiro.- Persoas beneficiarias.

Poderán participar, de xeito individual ou en grupo, os mozos e mozas con idades comprendidas entre os 14 e os 30 anos.

Segundo.- Obxecto

Promover accións de sensibilización e prevención da violencia de xénero para contribuír á súa erradicación, recoñecendo a creación artística como unha ferramenta formativa e divulgativa.

Terceiro.- Bases reguladoras

Os premios estarán regulados polas bases específicas publicadas no BOP da Coruña o 18.11.2020.

Cuarto.- Importe

O importe dos premios será o seguinte:

Primeiro premio: 600 €

Segundo premio: 400 €

Terceiro premio: 200 €

O importe dos premios ascende a 1.200 € e o gasto imputarase á partida 04 102 3342 48000.

Quinto.- Criterios de avaliación

Os criterios de avaliación son os establecidos no punto 8 das bases reguladoras.

Seis.- Prazo de presentación de solicitudes

O prazo para presentar as curtametraxes será de 15 días hábiles, que se contarán a partir do día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria na BDNS.

ANEXO (En castellano)**Convocatoria para participar en el I Concurso de cortometrajes contra la violencia de género "Corta con la violencia".**

De conformidad con lo previsto en los artículos 17.3.b) y 20.8.a) de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria cuyo texto completo puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones.

Primero.- Personas beneficiarias.

Podrán participar, de forma individual o en grupo, los/as jóvenes con edades comprendidas entre los 14 y los 30 años.

Segundo.- Objeto

Promover actuaciones de sensibilización y de prevención de la violencia de género para contribuir a su erradicación, reconociendo como herramienta formativa y divulgativa la creación artística.

Tercero.- Bases reguladoras

Los premios se regularán por las bases específicas publicadas en el BOP de la Coruña el día 18.11.2020.

Cuarto.- Cuantía

El importe de los premios serán los siguientes:

Primer premio: 600 €

Segundo premio: 400 €

Tercer premio: 200 €

El importe de los premios asciende a 1.200 € y se imputarán a la partida 04102 3342 48000.

Quinto.- Criterios de valoración

Los criterios de valoración son los establecidos en el punto 8 de las bases reguladoras.

Sexto.- Plazo de presentación de solicitudes

El plazo para presentar los cortometrajes será de 15 días hábiles, que se computarán a partir del día siguiente al de la publicación del extracto de la convocatoria en la BDNS.”

A concelleira delegada da Área de Muller, Igualdade,
Xuventude, Minorías Étnicas e Normalización Lingüística
Cristina Prados Rubio

Ante min,
O/A secretario/a xeral